



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **53082 (10/PNC-004226)**, sobre a demanda ao Goberno do Estado para que posibilite a Navantia-Ferrol a construción dun novo buque loxístico (AOR) e reprograme o plan de traballo das cinco fragatas F-110 encargadas pola Armada española para adiantar o comezo do corte de chapa, previsto para comezos de 2020, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 6 de novembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Dar cumprimento ao punto 1 do artigo 4º da Lei do sector naval de Galiza, que establece que “a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso” para poñer fin á falta de información, coordinación e impulso ao naval galego e comprometerse de forma activa coa busca de carga de traballo suficiente para a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ría de Ferrol que permita incrementar a actividade produtiva e o fomento do emprego de calidade.

2. Comprometerse nas negociacións activas para dotar de carga de traballo aos asteleiros de Ferrol e evitar a previsible parada de produción e despedimentos dos anos que recorrerán entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas.

3. Dirixirse ao goberno central para demandar:

a) un meirande compromiso coa diversificación industrial na comarca de Ferrol, desenvolvendo un programa e calendario de recuperación do mercado naval civil.

b) que investigue as causas da demora no encargo da construción das Fragatas F110, remitindo toda a información oportuna á Xunta de Galiza e dando traslado á fiscalía anticorrupción para o estudo das posíbeis accións que teñan sido constitutivas de delito.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2019 12:23:17

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2019 12:23:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **36220 (10/PNC-002906)**, sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello de Vigo para o establecemento dunha canle de diálogo que permita a colaboración e autorización precisa dese concello para realizara sinalización do Camiño Portugués da Costa nese termo municipal, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 6 de novembro de 2019.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a cumprir e orzar para 2020 os compromisos parlamentarios en materia de seguridade viaria do Camiño Portugués.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2019 12:20:13

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2019 12:20:22



Á MESA DA COMISIÓN 6.^a

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 36220 (10/PNC-002906), do Grupo Parlamentario Popular, sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello de Vigo para o establecemento dunha canle de diálogo que permita a colaboración e autorización precisa dese concello para realizar a sinalización do Camiño Portugués da Costa nese termo municipal (Procedemento de urxencia), incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 6 de novembro de 2019.

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir un novo punto:

2. A sinalización deberá incluír: sinalización horizontal e vertical específica para peregrinos e peregrinas que realizan o Camiño en bicicleta ou calquera outra modalidade de ciclo rodado.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 17:53:16
Nº Rexistro: 58464
Data envío: 05/11/2019 17:53:16.045

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/11/2019 17:52:10

CSV: REXISTROMOabkSICB9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DA COMISIÓN 6.^a

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, a iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 53082 (10/PNC-004226), do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda ao Goberno do Estado para que posibilite a Navantia-Ferrol a construción dun novo buque loxístico (AOR) e re programe o plan de traballo das cinco fragatas F-110 encargadas pola Armada española para adiantar o comezo do corte de chapa, previsto para comezos de 2020, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 6 de novembro de 2019.

EMENDA DE ADICIÓN

Debese engadir o seguinte punto:

2. O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a involucrarse activamente nas negociacións para dotar de carga de traballo aos estaleiros de Ferrol.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 17:53:46
Nº Rexistro: 58465
Data envío: 05/11/2019 17:53:46.623

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/11/2019 17:50:06

CSV: REXISTROZiWXP5dEp6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

